



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Comunicación oral		Código	613836052
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Freixeiro Mato, Xose Ramon		Correo electrónico	ramon.freixeiro@udc.es
Profesorado			Correo electrónico	
Web				
Descrición xeral	Estudo das características diferenciais da comunicación oral, as súas técnicas e modalidades, con atención especial á comunicación oral en contextos formais.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística.
A6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
A7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...).
A8	Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e vulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B7	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B8	Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.
B10	Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster.
C1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.			AI1 AI6
Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística...).			AI7



Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e xulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.	AI8		
Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)	AI9		
Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.		BI2	
Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan aos estudantes acceder ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.		BI7	
Capacidade dos estudantes no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos, así como indicar a súa utilidade na práctica profesional e investigadora.		BI8	
Capacidade dos estudantes para comprender as interrelacións pertinentes entre os diversos ámbitos de estudo que integran o máster.		BI10	
Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			CM1
Utilización das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			CM3
Desenvolvemento para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			CM4
Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			CM6
Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación e os seus tipos	1.1. Comunicación e linguaxe: a comunicación humana 1.2. Comunicación oral e escrita 1.3. Comunicación oral primaria e secundaria
2. A comunicación face a face	2.1. Comunicación verbal e non verbal 2.2. Caracterización xeral dos textos orais 2.3. A oralidade informal. Análise da conversación
3. A comunicación oral en contextos formais	3.1. Aspectos pragmáticos: texto e contexto 3.2. Tipoloxía de textos orais formais 3.3. O uso da lingua na oralidade formal
4. As intervencións e presentacións orais públicas	4.1. Preparación e técnicas de execución 4.2. Adecuación ao contexto comunicativo 4.3. O papel dos recursos tecnolóxicos

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	10	0	10
Traballos tutelados	2	16	18
Lecturas	1	15	16
Obradoiro	7	7	14
Presentación oral	1	5	6
Discusión dirixida	7	0	7
Atención personalizada	4	0	4



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Discusión dirixida	O alumnado discute de forma libre, informal e espontánea sobre un tema relacionado coa materia, baixo a coordinación dun moderador ou moderadora. Entre os temas de discusión incluíranse diversos aspectos das lecturas obrigatorias, segundo a distribución feito polo profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Alén do labor de tutorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Os coñecementos adquiridos nas sesións maxistrais serán avaliados de forma oral nos obradoiros desenvolvidos na aula.	10
Discusión dirixida	Valorarase nomeadamente a participación activa nas discusións e a calidade das intervencións, tamén no relativo ás lecturas obrigatorias.	10
Obradoiro	Realización de actividades prácticas derivadas das sesións maxistrais (análise de textos orais, estudo de fontes documentais etc.).	15
Lecturas	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor.	15
Traballos tutelados	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	20
Presentación oral	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	30

Observacións avaliación
Segunda oportunidade (xullo)As persoas que non superaren a materia após asistiren regularmente ás aulas e realizaren un 60% das actividades propostas, deberán repetir unicamente aquelas actividades non superadas. Nos casos restantes, serán avaliadas pola realización dos traballos tutelados propostos polo profesor (100% da cualificación).

Fontes de información



Bibliografía básica	- Koch, Ingedore G. Villaça (1992). A inter-ação pela linguagem . São Paulo: Contexto - Kerbrat-Orecchioni, Catherine (2006). Análise da conversação. Princípios e métodos. São Paulo: Parábola - Merayo, Arturo (2012). Curso práctico de técnicas de comunicación oral. Madrid: Tecnos - Hernández Guerrero, José Antonio & García Tejera, María del Carmen (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona: Ariel - Morales, Carlos Javier (2007). Guía para hablar en público . Madrid: Alianza - Regueira Fernández, Xosé Luís (2012). Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI. A Coruña: Real Academia Galega - Ong, Walter (2002). Orality and literacy. New York: Routledge - Studer, Jürg (2000). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac - Fernández Rei, Elisa & Regueira, Xosé Luís (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega
Bibliografía complementaria	- Ballenato Prieto, Guillermo (2013). Comunicación eficaz. Teoría y práctica de la comunicación humana. Madrid: Pirámide - Verderker, Rudolph F. (2000). Comunicación oral efectiva. México: International Thompson - Mosquera Castro, Estefanía (2013). Didáctica da lingua e novos soportes comunicativos. A linguaxe SMS. A Coruña: Asociación Socio-Pedagóxica Galega - Collard, Gilbert (2012). El arte de hablar en público. Bilbao: Mensajero - Regueira Fernández, X. L. (2013). Estándar oral e modelos de lingua. A letra miúda 2 (http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html) - Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra - López Viñas, Xoán et al. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía - Davis, Flora (2011). La comunicación no verbal. Madrid: Alianza - Freixeiro, Xosé Ramón & Ríos, Marisol & Filloy, Lucía (eds.) (2008). Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Universidade da Coruña - Estrela, Edite et al. (2004). Saber Escrever Saber Falar . Lisboa: Dom Quixote - Domínguez Dapena, Cristina (2004). Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz. Vigo: Galaxia

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías